

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Matemáticas: Matemáticas II				
Materia	Matemáticas: Matemáticas II			
Código	V11G200V01203			
Titulación	Grao en Química			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Matemáticas			
Coordinador/a	Mirás Calvo, Miguel Ángel Verdejo Rodríguez, Amelia			
Profesorado	Mirás Calvo, Miguel Ángel Verdejo Rodríguez, Amelia			
Correo-e	mmiras@uvigo.es averdejo@uvigo.es			
Web	http://http://faitic.uvigo.es/			
Descrición xeral	A materia recolle contidos, tanto teóricos como prácticos, de cálculo (varias variables), optimización e estatística. O seguimento da mesma mellorará a capacidade de compresión e emprego da linguaxe matemática. Permitirá ao alumnado adquirir habilidades de cálculo e iniciarse no uso de aplicacións informáticas.			

Competencias	
Código	
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
C22	Procesar datos e realizar cálculo computacional relativo a información e datos químicos
C23	Presentar material e argumentos científicos de xeito oral e escrita a unha audiencia especializada
C29	Demostrar habilidades para os cálculos numéricos e a interpretación dos datos experimentais, con especial énfase na precisión e a exactitude
D1	Comunicarse de forma oral e escrita en polo menos unha das linguas oficiais da Universidade
D3	Aprender de forma autónoma
D4	Procurar e administrar información procedente de distintas fontes
D5	Utilizar as tecnoloxías da información e das comunicacións e manexar ferramentas informáticas básicas
D6	Manexar as matemáticas, incluíndo aspectos tales como análise de erros, estimacións de ordes de magnitude, uso correcto de unidades e modos de presentación de datos
D7	Aplicar os coñecementos teóricos á práctica
D8	Traballar en equipo
D9	Traballar de forma autónoma
D12	Planificar e administrar adecuadamente o tempo
D13	Tomar decisións
D14	Analizar e sintetizar información e obter conclusións
D15	Avaliar de modo crítico e construtivo o entorno e a si mesmo

Resultados de aprendizaxe		
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Relacionar curvas e superficies con obxectos xeométricos e funcións de varias variables reais.	C29	D6 D9
Calcular o volume de recintos tridimensionais e de integrais de superficie básicos así como o uso de coordenadas polares, cilíndricas e esféricas.	C29	D6

Aplicar as nocións básicas e as regras do cálculo diferencial de funcións de varias variables.		C29	D3 D6 D9
Derivar implicitamente.		C23	D3 D9
Formular e resolver problemas de optimización sen restricións.		C23 C29	D1 D3 D4 D6 D7 D14
Modelar e resolver problemas aplicados mediante as técnicas do cálculo diferencial e integral en varias variables.		C22 C23 C29	D3 D6 D7 D9 D12 D13 D14
Manexar unha aplicación informática de cálculo simbólico, numérico e gráfico axeitada para resolver problemas prácticos de cálculo de varias variables.		C22 C29	D4 D5 D6 D7 D13 D14
Calcular autovalores e determinar se unha matriz é diagonalizable.		C29	D3 D6 D9
Clasificar formas cuadráticas atendendo ao seu signo.		C29	D3 D6 D9
Utilizar un paquete informático para o estudo práctico de problemas de álxebra lineal.		C22 C29	D3 D4 D5 D6 D7 D9 D12 D13 D14
Sintetizar e analizar descritivamente conxuntos de datos.		C22 C29	D4 D5 D6 D7 D9 D12 D13 D14
Calcular probabilidades en distintos espazos e aplicar o concepto de variable aleatoria para modelar fenómenos reais.		C23 C29	D3 D6 D9
Utilizar paquetes informáticos de estatística básica.		C22 C23 C29	D1 D4 D5 D6 D7 D14
Expresar con soltura, de forma oral e escrita, conceptos matemáticos.	A4	C23	D1 D3 D4 D5 D8 D12 D13 D14 D15

Contidos
Tema

1: Autovalores e matrices simétricas	Cálculo dos autovalores dunha matriz. Matrices diagonalizables. Signo dunha matriz simétrica.
2: Cálculo en varias variables	Introdución ás funcións reais de varias variables. Funcións continuas e diferenciables. Derivadas de orde superior. Regra da cadea. Derivación implícita. Cálculo de extremos.
3: Integración en varias variables	Integrais de funcións de dúas e tres variables en recintos acotados. Coordenadas polares, cilíndricas e esféricas. Integrais de superficie.
4: Estatística elemental	Estatística descritiva. Introdución ao cálculo de probabilidades.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	20	30	50
Resolución de problemas	26	36	62
Prácticas en aulas informáticas	6	3	9
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	3	20	23
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	0	6	6

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	O profesorado exporá os fundamentos teóricos da materia; presentará posibles aplicacións; formulará problemas, cuestións e exercicios; proporá tarefas e actividades con orientacións sobre os métodos e técnicas a empregar para levalas a cabo.
Resolución de problemas	Nesta actividade o alumnado, ben de xeito individual ou ben en grupo, deberá resolver problemas e exercicios relacionados coa materia. O alumnado terá que ser capaz de formular o modelo matemático mais convinte, aplicar a técnica axeitada para resolver cada caso, e interpretar e presentar os resultados.
Prácticas en aulas informáticas	Actividades orientadas á aprendizaxe e manexo de programas informáticos de matemáticas para o cálculo e a representación gráfica de funcións e datos.

Atención personalizada

Metodoloxías	**Descrición**
Resolución de problemas	Cada estudante demandará ao profesorado as aclaracións que estime oportunas para mellor comprender a materia e desenvolver con éxito as tarefas que lle foron propostas. Estas consultas atenderanse no horario de titorías.
Prácticas en aulas informáticas	As dúbidas e consultas relativas ás prácticas de laboratorio informático atenderanse no horario de titorías.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Resolución de problemas	Probas de avaliación continua nas que cada estudante deberá resolver unha serie de problemas no prazo de tempo e baixo as condicións establecidas polo profesorado. Os traballos, individuais ou en grupo, poderán ser de distintos tipos: presentación dun documento escrito, saída ao encerado, exposición oral, puzle,...	15	A4	C23	D1 D3 D4 D6 D7 D8 D9 D12 D13 D14 D15

Probas de resposta longa, de desenvolvemento	Exame final. Proba individual que se realizará ao rematar o período lectivo e que incluirá preguntas teóricas e exercicios.	80	C22 C29	D3 D6 D7 D9 D12 D13 D14
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	Exercicio práctico para avaliar a destreza no manexo e aplicación dos recursos informáticos aprendidos durante as prácticas de laboratorio.	5	C22 C29	D4 D5 D6 D7 D14

Outros comentarios sobre a Avaliación

Para superar a materia, a nota obtida deberá ser igual ou superior ao 50% da puntuación total.

As alumnas e os alumnos que non superen a materia na primeira oportunidade, e pretendan facelo na convocatoria de xullo, deberán repetir obrigatoriamente o exame final. A nota obtida durante o curso nas outras probas (probas prácticas de execución de tarefas reais e/ou simuladas, e resolución de problemas e/ou exercicios) manterase para a convocatoria de xullo.

Calquera estudante que participe nalgunha das probas de resposta longa non poderá, en ningún caso, obter a cualificación de NON PRESENTADO.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Robert G. Mortimer, **Mathematics for physical chemistry**, Elsevier, 2013

Besada, M.; García, J.; Mirás, M.; Vázquez, C., **Cálculo diferencial en varias variables**, Garceta, 2011

E. Steiner, **The Chemistry Maths Book**, Oxford University Press, 2008

Besada, M.; García, J.; Mirás, M.; Quinteiro, C.; Vázquez, C., **Un mar de Matemáticas. Matemáticas para os graos de Ciencias**, Servicio de Publicacións. Universidade de Vigo, 2016

Real Sociedad Matemática Española, **Centro virtual de divulgación de las Matemáticas**,

Proxecto Innovación Educativa. Universidade de Vig, **Matemáticas a través do teatro**,

R. Larson, R. Hostetler; B. H. Edwards, **Cálculo esencial**, Itemex, 2010

Robert A. Adams; Christopker Essex, **Calculus. A complete course**, Pearson, 2013

William Bober, Chi-Tay Tsai; Oren Masory, **Numerical and analytical methods with MATLAB**, CRC Press, 2013

Dingyu Xue; Yangquan Chen, **Solving applied mathematical problems with MATLAB**, CRC Press, 2009

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Métodos numéricos en química/V11G200V01402

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Física: Física II/V11G200V01201
Xeoloxía: Xeoloxía/V11G200V01205
Química, física e xeoloxía: Laboratorio integrado II/V11G200V01202
Química: Química II/V11G200V01204

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Bioloxía: Bioloxía/V11G200V01101
Física: Física I/V11G200V01102
Matemáticas: Matemáticas I/V11G200V01104
Química, física e bioloxía: Laboratorio integrado I/V11G200V01103
Química: Química I/V11G200V01105